



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 13 de marzo de 2019**

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 7 de marzo de 2019.
2. Concédese licenza de obras de cambio de estrutura e material de cuberta e ampliación de volume coa cubrición de terraza en vivenda sita en Lugar de Castro, nº 20, Marín.
3. Apróbase o expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado, das obras de “Renovación de servizos na rúa do Tombo”, cun orzamento base de licitación sen IVE de 142.354,19 euros, incluídas no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra
4. Apróbase o expediente de contratación para a adquisición a título oneroso dun inmovible no núcleo urbano de Marín con destino a arquivo municipal, sala de lectura e outros usos públicos complementarios, por procedemento aberto mediante concurso.
5. Dáse conta da corrección de erros materiais na resolución de autorización para a contratación anticipada de traballadores desempregados con cargo ás subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade para o exercicio 2019, de xeito que en lugar de tres traballadores autorízase a contratación de vinte e catro.
6. Dáse conta da concesión de subvención con cargo ó Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, con destino ó financiamento das obras de “Instalación de mobiliario urbano na rúa Alcalde Ezequiel Massoni”, por importe de 48.431,05 euros.
7. Dáse conta das bases reguladoras e convocatoria de subvencións da Escola Galega de Administración Pública, para a financiación de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2019.
8. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300029A4800U0K5Z0R1W1W0 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190170568
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 20/03/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/03/2019 14:42:31	Fecha: 20/03/2019 Hora: 14:42

